

Expte nº: 2230/2018

Procedemento: Procedemento de Contratación

Asunto: Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela (Remanente Tesourería para gastos xerais)

Responsable: Contratación.mgm

MEMORIA XUSTIFICATIVA-INFORME NECESIDADE

ASUNTO: Contratación da obra

**Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte),
Cabeiro, Redondela**

(Remanente Tesourería para gastos xerais)

ANTECEDENTES

- Proxecto técnico da obra redactado e asinado electricamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, colexiado núm. 26494, e presentado no Rexistro Xeral do Concello o mesmo día co núm. 4474 por Pablo González Figueroa en representación de Ingatec Proyectos y Estudios, SL (CIF núm. B36565794), e os Anexos I e II ao proxecto técnico, asinados electronicamente o 11.11.2019 e o 20.11.2019 polo redactor deste, nos que, respectivamente, se recolle documentación adicional requirida por Augas de Galicia para a tramitación da autorización e a CPV correspondente ao obxecto do contrato e a clasificación esixible ao contratista para os efectos de acreditar a solvencia económica, técnica e profesional, aprobados por resolución da Concellería de Medio Ambiente núm. 22/2019 do 27.12.2019.

- Autorizacións solicitadas, con data 02.10.2019, ao Ministerio de Fomento e a Augas de Galicia para a execución das obras.

- Memoria económica para investimentos financeiramente sostibles asinada pola Alcaldía con data 18.12.2019 en base o informe emitido polo arquitecto técnico municipal o día 17.12.2019.

- Proposta da Concellería de Medio Ambiente, de data 30.12.2019, pola que se dispón acudir á tramitación dun expediente de contratación da obra de Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela, mediante procedemento aberto simplificado, previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por razón da súa contía.

NECESIDADE DA OBRA

Resulta evidente por canto se trata de realizar obras para completar as realizadas anteriormente, dotando de saneamento aos camiños que quedaron sen servizo, mediante a instalación dun rede formada por dos colectores principais que funcionarán por gravidade que suman 454,19 metros de lonxitude con tubaxe de PVC clase SN4





CONCELLO DE REDONDELA

de 315 mm. de diámetro e que entroncan na rede existente que discorre polo camiño Campiño e dan saída a parte da rede existente que discorre polo camiño do Pio (mediante modificación dun tramo), xa que esta non funciona de forma correcta, ao que se sumarán outros colectores secundarios con tubaxe de 250 mm. diámetro coas mesmas características cunha lonxitude de 537,48 metros, sumando un total de 991,67 metros, así como unha estación de bombeo e unha tubaxe de impulsión que conducirá as augas residuais partindo dun pozo existente e se conectará a un colector por gravidade da rede existente para resolver o problema da existencia dun punto baixo nun dos colectores proxectados, o recrecido en toda a capa de rodadura que presenta síntomas de esgotamento, de xeito que unha vez realizada a reposición do firme orixinal na anchura da gabia, se levará a cabo o recrecido da capa de rodadura en toda a anchura da vía, mellora da rede de pluviais e execución de acometidas e pozos de rexistro, co obxecto de mellorar a salubridade dos veciños e conseguir deste xeito unha optimización na prestación deste servizo básico de obrigada competencia municipal.

CARACTERÍSTICAS

As actuacións a realizar defínense no proxecto redactado e asinado electronicamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, colexiado núm. 26494, e presentado no Rexistro Xeral do Concello o mesmo día 24.09.2018 co núm. 4474 por Pablo González Figueroa en representación de Ingatec Proyectos y Estudios, SL (CIF núm. B36565794).

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

O procedemento de licitación do contrato será o procedemento aberto simplificado no que a adxudicación recaerá na mellor oferta, utilizándose o prezo e o prazo de garantía da obra coma criterios de adxudicación, e que se xustifica por razón da contía, xa que o seu valor estimado é de 272.651,09 euros, máis IVE, inferior polo tanto aos 2.000.000,00 euros e porque se establecen dous criterios de adxudicación que son o prezo e o prazo de garantía que son criterios obxectivos, non avaliábles mediante xuízo de valor, polo que se cumpren as condicións establecidas no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

IMPORTE

O orzamento base de licitación é de 272.651,09 euros, máis o IVE do 21% por importe de 57.256,73 euros, o que fai un total de 329.907,82 euros.

O orzamento de licitación do contrato xustifícase en base ao cadro de medicións, prezos e orzamento do proxecto técnico, redactado e asinado electronicamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González e aprobado por resolución da Concellería de Medio Ambiente 22/2019 do 27.12.2019.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Que á vista da plantilla de persoal municipal este Concello non conta con persoal especializado que poida facer a obra que pretende a administración municipal.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 3Q19GXMIXFM7YFVH37YLZGE5F7 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CRITERIOS DE SOLVENCIA

Os criterios de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidos aos licitadores son conformes co establecido no artigo 11 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da LCAP, e ademais son proporcionais ao orzamento de licitación do contrato.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a determinación da mellor oferta establécense dous criterios de adxudicación obxectivos que son o prezo e o prazo de garantía da obra, polo que se cumpren as condicións establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), de xeito concreto, nos artigos 146.1, que permite fixar o prezo coma único criterio de adxudicación, e 159.1 que para o procedemento aberto simplificado limita a utilización dos criterios suxeitos a xuízo de valor, configurándoos como residuais.

NON DIVISIÓN EN LOTES

Atendendo aos traballos que se describen no proxecto técnico da obra, a división deste contrato en lotes non é o máis adecuado toda vez que se trata dunha actuación nunha mesma localización, nun espazo moi determinado, que no caso de que se adxudicase por lotes dificultaría a correcta coordinación e execución do contrato, xa que os traballos poderíanse levar a cabo por empresas distintas.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

